

dous meses perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, de conformidade co disposto no artigo 46.1º da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa, en relación co artigo 12 da Lei de montes veciñais en man común e o artigo 28 do seu Regulamento, modificados os dous preceptos legais pola Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Lugo, 7 de xaneiro de 2010.

Ramón Carballo Páez
Presidente do Xurado Provincial de Montes Veciñais
en Man Común de Lugo

Corrección de erros.-Edicto do 18 de decembro de 2009, do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común da Coruña, polo que se dá publicidade ao acordo de inicio do expediente 409 de clasificación como veciñal en man común dos montes Campo das Dunas e Campo de Teira, promovido polos veciños da parroquia de Olveira, do concello de Ribeira.

Advertido erro no devandito edicto publicado no *Diario Oficial de Galicia* nº 20, do luns, 1 de febreiro de 2010, cómpre facer a seguinte corrección:

Na páxina 1.247, na sinatura, onde di:

«P.A.
Augusto J. Pérez-Cepeda Vila
Instrutor»

Debe dicir:

«Visto e prace
Enrique Luis de Salvador Sánchez
Presidente do Xurado

Augusto J. Pérez-Cepeda Vila
Instrutor»

Edicto do 7 de xaneiro de 2010, do Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común de Lugo, polo que se lles comunica aos posibles titulares de dereitos e intereses o acordo adoptado por este xurado relativo ao expediente 92/80.

Na sesión celebrada polo Xurado Provincial o 17 de decembro de 2009, figura o acordo seguinte:

«4. Varios:

a) Monte de Guldreiz (expediente 92/80), pertencente aos veciños da parroquia de Guldreiz, no termo

municipal de Friol, e clasificado como veciñal en man común por resolución do Xurado Provincial o 20 de decembro de 1982. O 2 de outubro de 2009 ten entrada copia autenticada de sentenza firme ditada polo Xulgado de Primeira Instancia número catro de Lugo, do 28 de xullo de 2009, recaída no xuízo ordinario 559/2009, na cal, estimando a demanda interposta, se declara: «(...) que os predios descritos no feito primeiro da demanda son propiedade de Josefa e Nélida Corredoira Bóveda sen que teña ningunha delas a condición de monte veciñal en man común (...)». Dado traslado da documentación ao Servizo de Montes, o 9 de outubro de 2009, recíbese nota interior, na cal se especifica que, como consecuencia da devandita sentenza, a superficie que hai que descontar da clasificación é de 6 hectáreas, 65 áreas e 69 centiáreas, quedando o monte cunha superficie de 217 hectáreas, 34 áreas e 31 centiáreas, xuntando plano de situación dos predios que se deben excluír, con respecto ao monte veciñal. Examinada a devandita sentenza e informe, o xurado, por unanimidade, acorda dar cumprimento ao establecido nela e procede ás correccións oportunas, coa incorporación do plano referido ao expediente de clasificación».

Dado que se descoñece o nome e o enderezo dos posibles titulares de dereitos e intereses sobre os referidos montes, por medio deste edicto, e conforme o disposto no artigo 59.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ponse no seu coñecemento o devandito acordo.

Lugo, 7 de xaneiro de 2010.

Ramón Carballo Páez
Presidente do Xurado de Montes Veciñais en Man
Común de Lugo

Edicto do 8 de xaneiro de 2010, do Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común de Ourense, polo que se resolve o expediente de clasificación do monte coa denominación Comunal de Bouzas, parcelas Cotiño e Tuleiro; Costa de Mundín e Monterroso, por solicitude dos veciños de Bouzas, parroquia de Garabás, no concello de Maside (Ourense).

En cumprimento do disposto no artigo 28 do Regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e de conformidade co disposto no artigo 60.1º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das adminis-

tracións públicas e do procedemento administrativo común, faise público que o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense, en sesión que tivo lugar o 2 de decembro de 2009, adoptou a seguinte resolución:

Visto o expediente de clasificación como veciñal en man común do monte denominado Comunal de Bouzas, parcelas Cotiño e Tuleiro; Costa de Mundín e Monterroso, por solicitude dos veciños de Bouzas, parroquia de Garabás, no concello de Maside, resultan os seguintes

Feitos.

Primeiro.-Con data 19 de setembro de 2006 tivo entrada no rexistro do Departamento Territorial da Consellería do Medio Rural en Ourense escrito dirixido ao Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de veciños de Bouzas, parroquia de Garabás, concello de Maside, no cal solicitan a clasificación como veciñal en man común do devandito monte a favor dos veciños de Bouzas, parroquia de Garabás.

Segundo.-O 2 de xullo de 2008 o xurado provincial acordou iniciar o expediente de clasificación como veciñal en man común do referido monte, designa instructor e procede a realizar as comunicacións e publicacións a que fan referencia os artigos 20, 21 e 23 do Regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e abre un período dun mes para a práctica de alegacións.

Terceiro.-No prazo concedido para a práctica de alegacións non consta que se presentase ningunha.

Cuarto.-O monte obxecto de clasificación, de acordo coa documentación que figura no expediente, descríbese así:

Concello: Maside.

Denominación do monte: Comunal de Bouzas, parcelas Cotiño e Tuleiro; Costa de Mundín e Monterroso.

Comunidade veciñal solicitante: veciños de Bouzas, parroquia de Garabás.

-Monte Cotiño e Tuleiro.

Superficie: 5,81 ha, está integrado por unha parcela.

Lindeiros:

Norte: Antonio Gómez Puentes, Preciosa García González, camiño e outros.

Sur: co camiño, Manuel Rodríguez Pousa, Eligio González, Ernesto García González, Antonio Gómez Puentes e Elisa Domínguez Otero.

Leste: o camiño, Emilio Francisco Lage Álvarez, Benjamín González Quintela.

Oeste: Antonio Gómez Puentes, Manuel Rodríguez Desairas, Rosa Moreiras, Alicia Germán, Eligio González González, Peregrina Gabian Rodríguez, Juan Barroso Filgueira, Francisca Crespo García, Manuel González Rodríguez, Saladina González García, Manuel Pousa Pérez e outros.

-Monte Costa de Mundín.

Superficie: 3,39 ha, esta integrado por tres parcelas.

Lindeiros:

2-b-A) Parcela A, linda ao sur e leste con estrada de Bouzas a Cea, ao norte con peche de predio e predios de veciños de Bouzas separados por Gobia ao oeste con José González González, Leovigildo Castro, María Iglesias Álvarez e Eladino García Álvarez.

2-b-B) Parcela B, linda ao norte, sur, leste e oeste co camiño e estrada.

2-b-C) Parcela C, linda ao norte e oeste coa estrada de Maside a Cea, sur coa estrada de a Sueirexa e oeste con Celso Mosquera Álvarez.

-Monte Monterroso.

Superficie: 0,57 ha, está integrado por unha parcela.

Lindeiros:

Norte e leste coa estrada de Maside a Mundín.

Sur: con María Iglesias Álvarez, Ramón Rodríguez, Leovigildo Castro.

Oeste: con Francisco Pousa Castro, Eligio González, Desideria García.

Fundamentos de dereito.

Primeiro.-O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común é o órgano competente para coñecer os expedientes de clasificación dos montes que teñan tal carácter, de acordo co establecido no artigo 9 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

Segundo.-De conformidade co disposto no artigo 1 da devandita lei son montes veciñais en man común (...) os que, con independencia da súa orixe, das súas posibilidades produtivas, do seu aproveitamento actual e da súa vocación agraria, pertencen a agrupacións veciñais na súa calidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e se veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade sen asignación de cotas polos membros daquelas na súa condición de veciños.

Terceiro.-É reiterada doutrina da Sala Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo que son dúas as notas características dos montes veciñais en man común: unha, o aproveitamento consuetudinario en man común, e outra, a atribución da titularidade dese aproveitamento aos veciños integrantes dun grupo social determinado, independentemente da súa cualificación ou non como entidade administrativa; correspóndelle constatar o aproveitamento e atribuír a titularidade a favor do grupo social que o veña desfrutando ao Xurado Provincial de Clasificación.

Cuarto.-O carácter de monte veciñal en man común tense acreditado mediante as testemuñas dos veciños solicitantes e as actuacións realizadas polo Servizo de Montes e Industrias Forestais, sen que durante a tramitación do procedemento se producise ningunha reclamación de titularidade distinta.

En consecuencia co que antecede, vista a Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais e man común, o seu regulamento, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, o Decreto 562/2005, do 1 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural, e demais normativa legal e regulamentaria, o xurado provincial por unanimidade dos seus membros,

RESOLVE:

Clasificar como monte veciñal en man común a favor dos veciños de Bouzas, parroquia de Garabás, no concello de Maside, o monte denominado Comunal de Bouzas, parcelas Cotiño e Tuleiro; Costa de Mundín e Monterroso coa descrición reflectida no feito cuarto.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense no prazo dun mes, ou ben directamente recurso contencioso administrativo perante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao desta notificación, de acordo co disposto no artigo 12 da Lei 13/1989 (citada), nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Ourense, 8 de xaneiro de 2010.

Ricardo Ignacio Vecillas Rojo
Presidente do Xurado Provincial de Clasificación de
Montes Veciñais en Man Común de Ourense

Edicto do 8 de xaneiro de 2010, do Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común de Ourense, polo que se resolve o expediente de clasificación do monte coa denominación de San Lourenzo, por solicitude dos veciños da parroquia de Melias, no concello de Coles (Ourense).

En cumprimento do disposto no artigo 28 do Regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e de conformidade co disposto no artigo 60.1º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, faise público que o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense, en sesión que tivo lugar o 2 de decembro de 2009, adoptou a seguinte resolución:

Visto o expediente de clasificación como veciñal e man común do monte denominado San Lourenzo, por

solicitude dos veciños da parroquia de Melias, no concello de Coles, resultan os seguintes feitos:

Primeiro.-O 2 de setembro de 2008 tivo entrada no rexistro do Departamento Territorial da Consellería do Medio Rural en Ourense escrito dirixido ao Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de veciños da parroquia de Melias, concello de Coles, no cal solicitan a clasificación como veciñal en man común do devandito monte a favor dos veciños da parroquia de Melias.

Segundo.-O 16 de decembro de 2008 o xurado provincial acorda iniciar o expediente de clasificación como veciñal e man común do referido monte, designando instrutor e procedendo a realizar as comunicacións e publicacións á que fan referencia os artigos 20, 21 e 23 do Regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, abrindo un período dun mes para a práctica de alegacións.

Terceiro.-No prazo concedido para a práctica de alegacións non consta que se presentase ningunha.

Cuarto.-O monte obxecto de clasificación, de acordo coa documentación que consta no expediente, descríbese así:

Concello: Coles.

Denominación do monte: Comunal de San Lourenzo.

Comunidade veciñal solicitante: parroquia de Melias (lugar de San Lourenzo).

Superficie total: 1,56 ha.

Parcelas : 301-300-659-719-299-286-287.

Lindeiros:

Norte: Carmen Novelle Novoa, Dolores Novoa Sánchez, Camilo Fernández Bouzo.

Sur: Silvia Fernández Pereira, Pablo Iglesias Lozano, Mª Sol Ferreira Aira, Antonio Blanco López, Benito Ferreira Álvarez, José Antonio Souto Sotelo.


Leste: Carmen Novelle Novoa, Benito Ferreira Álvarez, Silvia Fernández Pereira.

Oeste: Lilia Prado Fernández, Manuel Iglesias Caride, Jose M. Touriño Novoa, Carmen Novelle Novoa, Ezequiel Fernández Ribad

Fundamentos de dereito.

Primeiro.-O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común é o órgano competente para coñecer os expedientes de clasificación dos montes que teñan tal carácter, de acordo co establecido no artigo 9 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

Segundo.-De conformidade co disposto no artigo 1 da devandita lei «son montes veciñais en man común... os que, con independencia da súa orixe, as




Monte veciñal en man común "Comunal de Bouzas (parcelas Cotiño e Tuleiro), Costa de Mundín e Monterroso", pertencente a Bouzas no concello de Maside

Proxección UTM, fuso 29 N. Datum ED50. Escala 1:5.500

Follas topográficas dixitais da Xunta de Galicia números 187-44 e 187-45

Consellería do Medio Rural e do Mar. Xefatura Territorial de Ourense. Servizo de Montes



Monte veciñal en man común "Comunal de Bouzas (parcelas Cotiño e Tuleiro), Costa de Mundín e Monterroso", pertencente a Bouzas no concello de Maside
 Proxección UTM, fuso 29 N. Datum ED50. Escala 1:5.500
 Cartografía catastral do servidor WMS da Dirección Xeral do Catastro
 Consellería do Medio Rural e do Mar. Xefatura Territorial de Ourense. Servizo de Montes